

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 22 DE MARZO DE 2012.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Alvarez

D^a Ana Maria Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luis M^a Fernández del Olmo.

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día vintedous de marzo de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 9 de febreiro de 2012.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. ARTURO MIRAGAYA NOVO RELATIVO A OBRA DE COBERTIZO AUXILIAR E PECHER DE PARCELA EN C/ ACCESO CAMPO DE FUTBOL Nº 26.-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Arturo Miragaya Novo con D.N.I nº: 76.525.737-E con domicilio en C/ Acceso ó Campo de Fútbol, 26 (27870 Xove) para realización de obras de cobertizo auxiliar e peche de parcela en c/ Acceso Campo de Fútbol Nº 26.-Xove. Expediente:418/12.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- As obras de acondicionamento para a construción dun cobertizo auxiliar e peche de parcela, que se pretenden realizar, de acordo coa documentación que se achega, subscrita polo o arquitecto técnico D.Tomás Rodríguez Rapa, atópanse dentro do núcleo urbán de Xove. Artigo 94.-Ordenanza 4^a. Residencial Abierta extensiva.
- Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento. As obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubicarán o cobertizo e o peche da parcela.
- Por parte do técnico autor do proxecto, xustifícase nº apartado 1.2.4, correspondente a ficha de condicións urbanísticas de dito proxecto, o cumprimento comparativo da normativa aplicable con respecto do proxecto que se achega.
- Estas obras adáptanse á ambas Normativas urbanísticas do Concello de Xove.

- Normas Subsidiarias e complementarias de planeamento de Xove. P.X.O.M aprobado inicialmente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As instalacións necesarias para a realización destes traballos deberán estar perfectamente valladas, na zona de arcén, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas, pola súa situación en plena zona urbana.
- As instalacións auxiliares e a propia obra, disporán do correspondente Seguro de responsabilidade civil.
- O ámbito da instalación deberá estar perfectamente limpo.
- Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública, durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións
- Respetarase o primitivo deseño e a tipoloxía das edificacións do ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao solicitado.
- Durante a execución dos traballos, tomaranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio dos traballos, requirirase a presenza dos servizos técnicos municipais para levantar a correspondente Acta de reformulo.
- Unha vez finalizados os traballos se requirirá a visita de comprobación por parte dos servizos técnicos municipais, co obxecto de poder constatar a adecuación das obras co proxecto aprobado así coma o cumprimento das Normativas correspondentes.
- De acordo con todo o exposto anteriormente, infórmanse favorablemente as obras que se solicitan.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 7.500,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 150,00€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE FEBREIRO – MARZO DE 2012.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de febreiro e marzo de 2012 por importe de 778,21€.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN ASPANANE VIVEIRO, DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES.

Visto o escrito presentado por Aspanane Viveiro (Asociación De Pais de Nenos e Adolescentes con Necesidades Especiais), con domicilio en Rúa Lavandeiras, S/N (27850 Celeiro-Viveiro) relativo a axuda para transporte e actividades deportivas de tempo de lecer, culturais e de apoio familiar das persoas con discapacidade (PCDI).

Visto que na Base 42 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2012 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 600€.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 43.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 231.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) O libramento da axuda de carácter nominativo ou directo prevista nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2012, a favor de para o desenvolvemento de colaboración no transporte e nas actividades deportivas, ocio, etc. e por importe de 600,00€.

2º) De acordo coa Base 44ª das de Execución do Orzamento Municipal para 2012, o libramento en concepto de pagamento anticipado, do 70% do importe da axuda, que ascende a 420,00€ Caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 46º das de Execución do Orzamento Municipal para 2012 o seguinte réxime de xustificación da subvención:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable) (modelo a facilitar).

3) Facturas ou copias cotexadas das mesmas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para...” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

4) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

5) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

6) Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove (para axudas de importe igual ou superior a 3000 euros) Para axudas inferiores a 3000 euros presentárase novamente a declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.

7) Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin (modelo a facilitar)

8) Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así cómoda realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo a facilitar).

9) Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo a facilitar).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.2) SOLICITUDE DO CLUB NATACIÓN XOVE, RELATIVA A SUBVENCIÓN PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN.- 2012.

Visto o escrito presentado por D. José M. Míguez Valella en representación de Club Natación Xove, con CIF G27106749, con domicilio a efectos de notificación en C/Centro Cívico S/N (27870 Xove).

Visto que na Base 42 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2012 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 20.000 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 43.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 341.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) O libramento da axuda de carácter nominativo ou directo prevista nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2012, a favor do Clube Natación Xove, para o desenvolvemento de actividades de competición de natación e por importe de 20.000€.

2º) De acordo coa Base 44ª das de Execución do Orzamento Municipal para 2012, o libramento en concepto de pagamento anticipado, do 70% do importe da axuda, que ascende a 14.000€. Caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 46º das de Execución do Orzamento Municipal para 2012 o seguinte réxime de xustificación da subvención:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable) (modelo a facilitar).

3) Facturas ou copias cotexadas das mesmas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para ...” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

4) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

5) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

6) Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove (para axudas de importe igual ou superior a 3000 euros) Para axudas inferiores a 3000 euros presentarse novamente a declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.

- 7) Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin (modelo a facilitar)
- 8) Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así cómoda realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo a facilitar).
- 9) Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo a facilitar).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.3) ESCRITO DE D. JOSE MANUEL GONZÁLEZ ALVAREZ, SOLICITANDO BAIXA DO VADO PERMANENTE Nº 35-.

Vista solicitude de D. José Manuel González Álvarez, con DNI 76.563.972-D, con domicilio en Avda. Diputación, 89 (27870 Xove), solicitando baixa no vado permanente sito en Avda. Diputación, 89 (nº 35).

Pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e coa abstención do interesado, acordase:

- 1º) Efectuar a baixa do vado permanente nº 35 de D. José Manuel González Álvarez, unha vez comprobado polos servizos municipais de obras e haberse evaluado os gastos e de haberse facturado ó interesado, e o traslado do acordo ós servizo de Tesourería.
- 2º) A notificación os efectos ó interesado os efectos procedentes.

D.4)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2012 DE JAIME VALE INSUA PARA ELVIRA QUIZA FERNANDEZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2012, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

| Empresa | Traballador |
|--|---|
| D. Jaime Vale Insua R/ Irmáns Vilar Ponte, 21 27850 Viveiro | D. Elvira Quiza Fernández Avda. Diputación, 34 4º F (27870 Xove) |

- 2º) Autorizar a contratación do traballador adxudicado sinalando que a data do contrato non pode ser anterior á da concesión de axuda.

3º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 23 de xaneiro de 2012, debendo instar prórroga para o exercicio do 2013 a partir del 31 de decembro de 2012.

4º) Recórdase ó solicitante de axuda que debe cumprir especificamente o establecido no Anexo A “ Plan de Emprego Municipal – Contratación” das Bases Reguladoras que establece no seu punto oitavo que “ Para o libramento da axuda correspondente a empresa aportará copia das transferencias bancarias das nóminas, así como os TC1 e TC2 de todos os meses dos que solicita cobro. O prazo para solicitar libramentos remata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, salvo no caso recollido na disposición adicional”.

- 5º) Á maior brevidade deberá presentarse neste Concello copia do contrato que se formalice, para a súa constancia no expediente.

6º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

D.5) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN PRESTOXOVE DE SUBVENCIÓN PARA PERSOAL DOCENTE NA ORQUESTA CLASICA DE XOVE PARA 2012.

Visto o escrito presentado por D. Saúl Canosa Insua en representación da Asociación PrestoXove, con CIF: G27393347 e domicilio en Urbanización Palmeiro (Escola de Música) (27879 Rigueira).

Visto que na Base 42 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2012 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 22.400 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 43.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 341.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) O libramento da axuda de carácter nominativo ou directo prevista nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2012, a favor da Asociación PrestoXove, para a financiación do persoal docente na Orquesta Clásica de Xove durante 2012, e por importe de 22.400€.

2º) De acordo coa Base 44ª das de Execución do Orzamento Municipal para 2012, o libramento en concepto de pagamento anticipado, do 70% do importe da axuda, que ascende a 15.680€. Caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 46º das de Execución do Orzamento Municipal para 2012 o seguinte réxime de xustificación da subvención:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable) (modelo a facilitar).

3) Facturas ou copias cotexadas das mesmas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para ...” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

4) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

5) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

6) Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove (para axudas de importe igual ou superior a 3000 €) Para axudas inferiores a 3000 € presentarase novamente a declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.

7) Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin (modelo a facilitar)

8) Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así cómoda realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo a facilitar).

9) Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo a facilitar).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.6)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2012 DE TELECOMUNICACIONES CANTÁBRICO PARA MARTA DUARTE GARCÍA.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2012, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

| Empresa | Traballadora |
|--|---|
| <i>Telecomunicaciones Cantábrico S.L.</i> Avda. Arcadio Pardiñas, 197 baixo 27880 Burela | Marta Duarte García Ferrol, 3 (27879 Rigueira) |

2º) Autorizar a contratación do traballador adxudicado sinalando que a data do contrato non pode ser anterior á da concesión de axuda.

3º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 23 de xaneiro de 2012, debendo instar prórroga para o exercicio do 2013 a partir del 31 de decembro de 2012.

4º) Recórdase ó solicitante de axuda que debe cumprir especificamente o establecido no Anexo A “ Plan de Emprego Municipal – Contratación” das Bases Reguladoras que establece no seu punto oitavo que “ Para o libramento da axuda correspondente a empresa aportará copia das transferencias bancarias das nóminas, así como os TC1 e TC2 de todos os meses dos que solicita cobro. O prazo para solicitar libramentos remata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, salvo no caso recollido na disposición adicional”.

5º) Á maior brevidade deberá presentarse neste Concello copia do contrato que se formalice, para a súa constancia no expediente.

6º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

D.7) SOLICITUDE DE Mª CONCEPCION VAZQUEZ PÉREZ, DE SUBVENCION O ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO PARA NOELIA SANCHEZ BERDEAL.

Vista a solicitude formulada por Dª Concepción Vázquez Pérez con DNI: 33.994.327-M E con domicilio a efectos de notificación en c/Verxeles, 7 (27850 Viveiro) de subvención para a traballadora Dª Noelia Sánchez Berdeal con domicilio en Vilela, 3 (27879 Rigueira).

Visto o informe do Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local no que sinala que a residencia efectiva de Dª Noelia Sánchez Berdeal non se atopa no municipio de Xove, polo que non procede a concesión da axuda solicitada; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Denegar a solicitude de axuda para a contratación de Dª Noelia Sánchez Berdeal.

2º) A notificación á solicitante e á traballadora, os efectos oportunos.

D.8) SOLICITUDE DE D. ELIAS ABAD INSUA DE SEGREGACION DE PARCELA SITA EN CABANDELA (SUMOAS).

Dada conta do escrito presentado por D. Elias Abad Insua con D.N.I. nº 33764.018-H e con domicilio en Xanarde, 31 (27878 Sumoas-Xove) no que solicita segregación de parcela sita en Cabandela, segundo o deseño que se xunta.

Polígono 12. -Parcela nº 181.- Referencia Catastral: 27025A012001810000JI

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que :

- 1º. -A parcela a segregación da cal se pretende, de acordo coa documentación que se achega, polo solicitante, atópase dentro da área delimitada como solo non urbanizable común. -Artigo 104.Normas subsidiarias Ayto de Xove. solo rústico de protección ordinario .- Artículo 32.1 da lei 15/2004 do 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro.
- De acordo coa documentación achegada, e referida á actual Normativa en vigor, e polas características e situación das parcelas, este técnico entende que ao amparo do Artigo 41 da lei 15/2004 de modificación da lei 9/2002, solicitouse informe previo da Xunta de Galicia por medio da súa Consellería do Medio Rural, antes da concesión da licenza por parte deste Concello.
- 2º.-Con data 09 de xeneiro e rexistro de saída 1497, achégase a este Concello, escrito da Xunta de Galicia, Delegación territorial de Lugo da Consellería do Medio Rural, que remite a necesidade de informe previo da Consellería de medio Ambiente, e con data 23 de febreiro do presente ano, con rexistro de

saída nº6944, escrito da Consellería de Medio Ambiente no que se comunica que o asunto e de competencia exclusivamente municipal, non sendo necesaria actuación algunha por parte da Consellería

- 3º. -Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ou P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas non art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e non art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.
- Neste caso existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS coma no P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que a parcela que se pretende segregarse, atópase no susodito P.X.O.M dentro de Solo Rústico de Protección Forestal.
- 4º.-De acordo co exposto nos apartados anteriores, e tendo en conta que na documentación que se achega a parcela 181 do polígono 12, situado no lugar de Cabanela, Sumoas, ten unha superficie de 14.785m², (1 hectárea, 47 áreas e 85 centiáreas), e os interesados instan a división da parcela en dúas partes iguais, polo que as fincas resultantes da segregación respectarían a superficie mínima indivisible que establece a lexislación agraria, contando cunha superficie superior as 20 áreas, entendendo que dita segregación non contravén a lexislación agraria, polo que ao amparo do artigo 206 da LOUGA.
- 5º.-Saliéntase a condición de inedificabilidade dos terreos resultantes da segregación.

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado ó solicitante, do presente acordo así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

D.9) SOLICITUDE DE D^a MARIA CONCEPCIÓN BAAMONDE GONZÁLEZ, DE CAMBIO DE TITULARIDADE EN VADO PERMANENTE SITO AVDA. DIPUTACIÓN, 53 XOVE.

Vista solicitude formulada por D^a María Concepción Baamonde González, con D.N.I. nº: 33.706.028-B con domicilio en Avda. Diputación, 53 (27870 Xove) que solicita o cambio de titularidade do vado titularidade de M^a Piedad Elisa González López, sito en Avda. Diputación, 53 (27870 Xove) e con unha anchura de 3 metros para que pase a nome da solicitante M^a Concepción Rodríguez Vérez, por falecemento da actual titular.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Autorizar o cambio de titularidade solicitado así como efectuar o cambio de domiciliación bancaria do recibo.

2º) A notificación á solicitante, os efectos procedentes.

D.10) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A CAMBA-XUANES DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Susana Mariño Parapar, con D.N.I. nº 76.569.629 F, con enderezo no Camba, 22 (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o 01/09/2011 ó 29/02/2012, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da

explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto o sinalado no contrato no que se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.000€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.500€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.11) APROBACIÓN DE ABONO DE SUBVENCION A D.^a LORENA NOGUEROL FERNANDEZ, POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA EN SAN VICENTE, RIGUEIRA.

Visto escrito de D^a Lorena Noguerol Fernández, con D.N.I. nº 34.635.145-C con domicilio en San Vicente, 13 (27879 Rigueira) comunicando o remate da obra de acondicionamento de acceso á súa vivenda.

Visto informe do expediente respectivo emitido polo Arquitecto Técnico Municipal e de conformidade co acordo de concesión de axuda da Xunta de Goberno Local con data 19 de agosto de 2011.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda aprobar o libramento da axuda concedida a D^a Lorena Noguerol Fernández, por importe de 300,00 € e o seu libramento á interesada, condicionado a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade.

D.12) APROBACIÓN DO GASTO RELATIVO ÓS PREMIOS DE ANTROIDO 2012.

Vistas a acta e a memoria do Técnico Municipal de Cultura e Comunicación das actividades epigrafiadas; a Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A concesión dos premios reflectidos no informe do Técnico de Cultura do Concello que a seguir se transcribe:

| LISTA DE PREMIOS DO ANTROIDO 2.011 ORGANIZADO POLO CONCELLO DE XOVE | | |
|--|---|--|
| <i>(TÍTULO DO DISFRAZ)</i> | <i>NOME - DNI</i> | <i>PREMIO</i> |
| EXÉRCITO XOVIÉTICO (C3) | JAVIER SÁNCHEZ FERNÁNDEZ DNI: 77595131P | 1º PREMIO CARROZAS: 500 €EUROS |
| LA ABEJA MAYA (C2) | JOSÉ MANUEL MÍGUEZ DUARTE DNI: 77595214E | 2º PREMIO CARROZAS: 300 €EUROS |
| OS PITUFIÑOS (C1) | RAQUEL SANTOS COCIÑA DNI: 33998455Q | 3º PREMIO CARROZAS: 200 €EUROS |
| TRHILLER (CG3) | JACOBO DÍAZ MEITÍN DNI: 33996813F | 1º PREMIO COMPARSAS E GRUPOS DE 10 OU MÁIS PERSOAS: 300 €EUROS |
| CHAPUZAS A DOMICILIO (CG5) | MANUEL RIVAS VILLARQUIDE DNI: 33999493L | 2º PREMIO COMPARSAS E GRUPOS DE 10 OU MÁIS PERSOAS: 250 €EUROS |
| TIO PEPE (CG4) | HERMINIO QUELLE BARRO DNI: 33842401V | 3º PREMIO COMPARSAS E GRUPOS DE 10 OU MÁIS PERSOAS: 150 €EUROS |
| LUCKY LUKE E OS | FRANCISCO MÍGUEZ MON | 1º PREMIO GRUPOS DE 3 A 9 |

| | | |
|-------------------------------------|--|--|
| DALTON (G11) | DNI: 33999566T | PERSOAS: 110 €UROS |
| LA CENICIENTA (G4) | LUCÍA ESQUERDEIRO CABARCOS DNI: 34636237P | 2º PREMIO GRUPOS DE 3 A 9 PERSOAS: 80 €UROS |
| CLOWNS (G3) | ANA BELÉN LATAS AGRELO DNI: 33539704T | 3º PREMIO GRUPOS DE 3 A 9 PERSOAS: 50 €UROS |
| JAQUE AL REY (P13) | MARÍA TERESA LESTEGÁS GÓMEZ DNI: 77594324Y | 1º PREMIO DE PARELLAS: 60 €UROS. |
| MUÑECAS DE PAPEL (P1) | MARÍA JOSÉ ÓLIVER ALONSO DNI: 77594720B | 2º PREMIO DE PARELLAS: 50 €UROS. |
| OS AEROSTÁTICOS (P3) | ROSA BELÉN PERNAS PRIETO DNI: 77595900H | 3º PREMIO DE PARELLAS: 40 €UROS. |
| COPAGO (A1) | JOSÉ CASABELLA RIVAS DNI: 33826995-K | 1º PREMIO INDIVIDUAL ADULTOS: 50 €UROS. |
| EL JOYERO DE LOS BECKAM (A4) | JOSÉ CASABELLA RIVAS DNI: 33826995-K | 2º PREMIO INDIVIDUAL ADULTOS: 40 €UROS. |
| O MESTRO MULTENROY (A5) | RODRIGO BAÑO PENA DNI: 34637742H | 3º PREMIO INDIVIDUAL ADULTOS: 30 €UROS. |
| O COGUMELO (Inena9) | RAQUEL BAÑO LOUZAO DNI: 77596671F | 1º PREMIO INDIVIDUAL INFANTIL NENAS: 40 €UROS. |
| LA MAJESTAD EN SU TRONO (Inena2) | VANESA BALSAS ARIAS DNI: 34737426R | 2º PREMIO INDIVIDUAL INFANTIL NENAS: 30 €UROS. |
| ARABIAN QUEEN (Inena13) | ANA ISABEL AZOGUE BARBERARENA DNI: 72028299G | 3º PREMIO INDIVIDUAL INFANTIL NENAS: 20 €UROS. |
| SEÑOR MONOPOLY (Ineno5) | LUCÍA ESQUERDEIRO CABARCOS DNI: 34636237P | 1º PREMIO INDIVIDUAL INFANTIL NENOS: 40 €UROS. |
| TREN CHUCHU (Ineno9) | ESTAFANÍA CORDIDO EIJO DNI: 34880216A | 2º PREMIO INDIVIDUAL INFANTIL NENOS: 30 €UROS. |
| TIN TIN EN XOVE (Ineno15) | JAIME LÓPEZ GARCÍA DNI: 33303145L | 3º PREMIO INDIVIDUAL INFANTIL NENOS: 20 €UROS. |

D.13) AXUDA DE GANDERÍA A D^a JOSEFA GONZALEZ PARAPAR.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Josefa González Parapar con D.N.I. nº 33993607-K , con domicilio en Loureiros, 55 (27877 Xuances) por morte de unha xata ó nacer, por importe de 120,00€.

D.14) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MANUELA EIJO BALSEIRO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Manuela Eijo Balseiro con D.N.I. nº 33.836.075-Q , con domicilio en c/ Acceso Apeadero, 18 2º C (27870 Xove) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.15) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ CUADRADO OTERO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Cuadrado Otero con D.N.I. nº 77.591.674-R , con domicilio en Penasagudas, 12 (27879 Monte) por morte de un xato por importe de 120,00€.

D.16) ESCRITO DE CLUBE BALONCESTO XOVE, PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado polo Clube de Baloncesto Xove, con CIF G27303320, con domicilio en Avda. Diputación, 56 2º D (27870 Xove) no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 9 de febreiro de 2012 para a actividade de formación e competición de Baloncesto durante o ano 2012.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido na partida 341.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascente a 2.700 €. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2012, á presentación antes do 20 de decembro de 2012 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e dez minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.